

Guía de procedimientos e servizos

MR405A - Axudas para investimentos nas explotacións agrarias.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 18/01/2016 - 18/03/2016.

Comezará o 18 de xaneiro e rematará o 18 de marzo, ambos incluídos.

Prazo de resolución: Seis meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- a) Anexo III.
- b) Copia cotexada do DNI da persoa física solicitante, no caso de non autorizar a Consellería do Medio Rural á consulta dos datos de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 (se é o caso).
- c) Copia cotexada do NIF da persoa xurídica solicitante, no caso de que se denegue expresamente a súa verificación (se é o caso).
- d) Copia do DNI do seu representante legal, no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e acreditación da súa representación (se é o caso).
- e) Informe de vida laboral de todas as UTA e socios da explotación. No caso de asalariados, a maiores, copia do contrato e informe de vida laboral da empresa.
- f) Xustificante da capacitación profesional. No caso de títulos oficiais do Ministerio de Educación, só se ten que presentar esta documentación no caso de que a persoa solicitante non autorice a súa consulta.
- g) Declaración do IRPF do último exercicio cuxo prazo para a presentación en período voluntario teña rematado (no caso de haber rendementos do traballo achegarase certificado de retencións). Así mesmo, todos aqueles interesados que xa presentaron a súa declaración da renda no período voluntario que estea aberto no momento da publicación desta orde poderán presentar esta última declaración, ou ben as declaracións de tres dos últimos cinco anos sempre que inclúa a do último exercicio, para a acreditación da condición de explotación agraria prioritaria. Esta documentación só se ten que presentar no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.
- h) Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos da constitución da entidade (acta de constitución e estatutos) e, de ser o caso, das súas modificacións, debidamente inscritos no rexistro correspondente (se é o caso).
- i) Certificado do número de socios e dos que cumpren os requisitos de agricultor profesional (se é o caso).
- j) Memoria do plan de mellora, onde se xustificarán os investimentos que se van realizar e o rendemento global da explotación.

- k) Planos e bosquexo, ou proxecto en soporte papel e dixital (ficheiro pdf).
- l) Tres orzamentos, en que se detallen claramente os conceptos dos bens polos que se solicita axuda (fabricante, características técnicas, no caso de maquinaria que inclúa extras detallaranse e valoraranse por separado). No caso de ter realizado gastos xerais dos proxectos, as facturas cos correspondentes xustificantes de pagamento.
- m) As comunidades de bens deberán acreditar a súa constitución mediante a presentación dos estatutos e acta de constitución e deberán acreditar os requisitos dos seus comuneiros mediante a presentación de toda a documentación especificada para este tipo de entidades
- n) As comunidades de bens e as sociedades civís farán constar no anexo III os compromisos de execución asumidos por cada un dos seus membros, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles. Así mesmo, presentarán o documento de nomeamento do seu representante ou apoderado único, e o xustificante de que se ten asinado un pacto de indivisión por un período mínimo de cinco anos contados a partir da data de concesión da axuda.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedementos administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

- No prazo de presentación de solicitudes, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, se entenderá que o prazo expira o último do mes.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS E ASOCIACIONISMO AGRARIO
EDIF, ADMINISTRATIVO SAN CAETANO, S/N
15781
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981546959 Fax: 981546892

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
R/ VICENTE FERRER, 2
15008
A CORUÑA
Teléfono: 981184684 Fax: 981184474

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
RONDA DA MURALLA,70
27071
LUGO
Teléfono: 982889249 Fax: 982294808

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

SERVIZO DE EXPLOTACIONES AGRARIAS
R/Florentino López Cuevillas, 4-6 baixo
32003
OURENSE
Teléfono: 988386531 Fax: 988386482

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE EXPLOTACIONES AGRARIAS
R/FERNÁNDEZ LADREDA 43-2º
36003
PONTEVEDRA
Teléfono: 886206543 Fax: 886206588

Para máis información acudir aos SERVIZOS AGRARIOS COMARCAIS

Obxecto

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2016 as seguintes liñas de axuda incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014_2020, en réxime de concorrencia competitiva:

a) Medida 4. Investimentos en activos físicos.

Submedida 4.1 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias, procedementos MR405A).

b) Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais.

Submedida 6.1 Creación de empresas para os agricultores mozos (procedemento MR404A).

Submedida 6.3 Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (procedemento MR405B).

Estas axudas teñen como finalidade:

a) Incrementar a competitividade e o rendemento global das explotacións mediante a súa modernización.

b) Asegurar a competitividade e a continuidade do tecido agrario.

Beneficiarios

1. Agricultor activo: titular dunha explotación agraria que cumpre coas condicións establecidas no capítulo I do título II do Real decreto 1075/2014.

2. Agricultor mozo: a persoa que no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos os corenta e un anos, e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación, de xeito individual, como cotitular ou como socio.

Poderá ter a consideración de agricultor mozo aquel que, sendo titular dunha explotación agraria, esta sexa considerada de autoconsumo ou non comercial.

3. Agricultor profesional: a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, polo menos o 50 % da súa renda total a obteña de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre e cando a parte da renda procedente directamente da actividade agraria da súa explotación non sexa inferior ao 25 % da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes estean vinculados ao sector agrario. Tamén se considerarán actividades complementarias as de transformación dos produtos da explotación agraria e a venda directa dos produtos transformados da súa explotación, sempre e cando non sexa a primeira transformación especificada no número 1 do artigo 2 de la Lei 19/1995, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, ao igual que as cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

Requisitos

1. Serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade da explotación. En particular:

a) A construción, adquisición ou mellora de bens inmobles.

b) A compra de nova maquinaria.

c) Os custos xerais vinculados aos gastos recollidos nas letras a) e b), tales como honorarios dos enxeñeiros que elaboren os proxectos de construción ou reforma, os estudos de viabilidade, permisos ou licenzas.

d) Plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude frutícola (árbores e arbustos froiteiros, a excepción dos incluídos na medida 8 do PDR de Galicia 2014-2020).

e) A compra de terreos por un valor inferior ao 10 % do custo subvencionable.

f) Adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos.

2. No caso de investimentos que inclúan actuacións de rega, será de aplicación o establecido no artigo 46 do Regulamento (UE) 1305/2013. A este respecto, para que os ditos investimentos sexan elixibles terán que cumprir as condicións especificadas a continuación:

a) Coherencia coa planificación hidrolóxica e coa Directiva marco da auga; a demarcación hidrográfica en que se localiza a explotación onde se realizará a dotación ou mellora da instalación de rega debe contar cun plan hidrolóxico aprobado e comunicado á Comisión Europea, en termos conformes coa Directiva marco da auga.

A mellora debe ser coherente cos obxectivos, asignacións ou reservas de recursos, programas de medida e demais determinación que conteña o correspondente plan hidrolóxico, que resulten aplicables á agricultura e ao regadío.

b) Sistema de medición do uso da auga; se a operación inclúe a dotación ou mellora dunha instalación de rega, esta debe dispoñer dun contador.

c) Condicións de elixibilidade específicas para proxecto de mellora de instalacións de rega preexistentes:

a. Aforro potencial da auga; este aforro potencial debe superar o 5 % conforme aos parámetros técnicos da instalación. Para o cálculo do dito aforro terase en conta:

i. A redución de perdas por mellora das conducións dentro da explotación.

ii. A redución do volume debida ao sistema de aplicación da rega.

iii. O cambio duradeiro da orientación produtiva das parcelas en que se melloren as instalacións de rega.

b. Redución da auga empregada polos regadíos preexistentes que afecten masas de auga que non alcanzan o bo estado:

i. O investimento deberá garantir unha redución efectiva no uso da auga a nivel da instalación de, polo menos, o 50 % do aforro potencial da auga.

ii. A redución efectiva apreciarase sobre o volume da auga empregada na instalación, xa sexa procedente dunha infraestrutura de regadío ou procedente dunha captación propia. A dita redución calcularase como diferenza entre a dotación da explotación despois da modernización, e da dotación antes desta, en volume ao ano (m³/ano).

d) Condicións de elixibilidade específicas dos investimentos para a ampliación da superficie regada; só serán subvencionables os obxectivos de bo estado de acordo coa planificación hidrolóxica, ou ben que non cumpran por razóns diferentes ás cuantitativas, neste caso deberá cumprir as condicións do punto anterior.

e) Investimentos de ampliación de regadío combinados con outros de modernización de instalacións; neste caso a redución no uso da auga determinarase considerando conxuntamente as dúas instalacións: A (preexistente) e B (nova). Calcularase restando a auga empregada en A antes da modernización, tanto a auga empregada en A despois da modernización como a auga empregada en B.

Débase cumprir a condición de que a redución conxunta no uso da auga das dúas instalacións A e B dividida entre o aforro potencial derivado da modernización da instalación A orixinal sexa polo menos superior a 0,5.

3. Non serán subvencionables os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existentes, ou partes destes, por un edificio ou unha máquina novos e modernos, sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % ou sen introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou a tecnoloxía correspondente. Non se considerarán investimentos substitutivos a demolición total dun edificio agrario de máis de 30 anos e a súa substitución por outro moderno nin a renovación xeral dun edificio. Unha renovación considerarase xeral cando o seu custo supoña como mínimo o 50 % do valor do edificio novo. No referente ás máquinas, tampouco se considerará substitución cando teñan máis de 10 anos.

A maquinaria agrícola só será elixible nos casos en que estea claramente xustificada e acorde ao dimensionamento da explotación.

A compra de dereitos de produción; plantas anuais e a súa plantación; investimento de simple substitución; maquinaria de segunda man; custos de conservación e mantemento ou os derivados do funcionamento da explotación; os montes baixos de ciclo curto; maquinaria ou equipamentos relacionados coa transformación e comercialización de produtos agrarios ou forestais, e a maquinaria e equipamentos de carácter forestal non serán subvencionables.

4. Para dar cumprimento ao requisito de moderación de custos propostos que se establece no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, fixaranse custos de referencia ditados en virtude da disposición derradeira primeira, definidos na norma complementaria que se publicará na web da Consellería do Medio Rural, independentemente da existencia de presentar un mínimo de tres ofertas de distintos provedores

5. Establécese un investimento mínimo de 5.000 para poder ser subvencionable. O volume total do investimento máximo subvencionable para cada beneficiario será de 120.000 /UTA, cun máximo de 500.000 , nun período de catro anos. Para o cálculo do investimento máximo, en función do límite máximo por UTA, consideraranse as UTA iniciais, agás que se trate dun plan de mellora dun agricultor/a mozo/a que presente simultaneamente unha primeira instalación, onde o límite máximo de investimento por UTA se calculará en función do número de UTA correspondente á situación posterior á instalación.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 15 de outubro de 2013 pola que se modifica o prazo de presentación da licenza municipal de obra e dos diferentes permisos administrativos previstos na Orde do 13 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria, e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013 (DOG nº 204 do 24 de outubro de 2013).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan para o ano 2014 as axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 (DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 2014).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 5 de xuño de 2014 pola que se modifica o prazo de presentación da licenza municipal de obra e dos diferentes permisos administrativos previstos na Orde do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan para o ano 2014 as axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 (DOG nº 111 do 12 de xuño de 2014).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 4 de agosto de 2014 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan para o ano 2014 as axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 (DOG nº 153 do 13 de agosto de 2014).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se convocan para o ano 2016 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fond (DOG nº 247 do 29 de decembro de 2015).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 13 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria, e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2013 (DOG nº 118 do 21 de xuño de 2013).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>